

## ACTIVIDADES ARREDOR DO CONTO: A CASA DA MOSCA CHOSCA:

1. **CONTALETRAS:** Facer un contalettras para poñer nel o nome dos personaxes do conto, pódese despois ver cal é o nome máis longo, cal é o mais curto, buscar os personaxes que teñan igual número de letras, mirar cantas ten o nome do neno ou nena e ver se hai algún que teña coma o del, etc.

Tamén podemos aproveitar o contalettras para traballar a orden na que van aparecendo os personaxes no conto, e traballar. 1º, 2º, 3º, 4º, etc. Se queremos imos poñendo os personaxes no contalettras pola orden que van aparecendo no conto.

ANOTACIÓN: O grado de dificultade desta actividade pode variar dende darlle os nomes dos animais feitose o neno/a que os vaia recortando e pegando cada letra no seu lugar, ou que os escriba el solo con axuda ou sen axuda do adulto.

Tal que así:



CONTADOR DE LETRAS											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1º	M	O	S	C	A						
2º	E	S	C	A	R	A	V	E	L	L	O
3º	M	O	R	C	E	G	O				
4º											
5º											
6º											
7º											
8º											
EU											

TEDES , POR SE QUEREDES FOTOCOPIAR, AO FINAL DESTE DOCUMENTO, O CONTADOR DE LETRAS VALEIRO, SENON TEDES IMPRESORA, FACEDEO A MAN.

## 2. ORDEAR O NOME DOS PERSONAXES.

Antes de pegar no contador de palabras os nomes dos personaxes podemos xogar a desordear as letras e volver a componder o nome, isto variarase en función da idade do neno/a ir aumentando a dificultade: mirando por un modelo que lle escribirán os papás, sin mirar polo modelo axudándolle a ir discriminando as letras que sonan ou completamente solos.

Se no contador de letras escribiron o nome do personaxe directamente, poden facer el sos as etiquetas dos personaxes para montar e desmontar as letras en tiras de papel que teñan recortado previamente.

## 3. DEBUXO DO CONTO.

Escribir o título do conto nunha folla en branco e debaixo facer un debuxo do que máis lles gustara do conto, ou ben a torta ou algún dos personaxes, ou o personaxe principal. Tamén poden facer en grande algún dos personaxes e pintalo libremente co material que queiran.



## 4. COCIÑAMOS: FACEMOS A TORTA DA MOSCA CHOSCA

### INGREDIENTES:

# TORTA DA MOSCA CHOSCA

IMOS APROVEITAR O VASIÑO DO IOGUR

1 IOGUR



1 VASO DE ACEITE DE XIRASOL

OU OLIVA



2 VASOS DE AZUCRE



3 VASOS DE FARIÑA



1 SOBRE DE LEVADURA



Imaxe extraída de:  
https://www.royalbakingsociety.com/2017/05/15/royal-baking-powder/  
Autor: Royal Baking Powder Company

4 OVOS



### MODO DE FACELA:

1. BATEMOS OS OVOS.
2. MEZCLAMOS CO AZÚCAR E O ROYAL.
3. AÑADIMOS O ACEITE E O IOGUR E MESTURAMOS TODO.
4. POR ÚLTIMO ENGADIR A FARIÑA POUCO A POUCO, CANDO ESTEA INTRODUCIDA XA NON BATEMOS MÁIS.
5. METER NO FORNO A 180º DURANTE 30 MINUTOS APROX. NUN MOLDE PREVIAMENTE UNTADO CON MARGARINA.

PÓDESE METER DENTRO DO AMOADO: NOCES, UVAS PASAS, PEPITAS DE CHOCOLATE, ETC (ANTES DE METER NO FORNO).

